

LECTIO QVINTA

3ª DECLINACIÓN. ADXECTIVOS DO 2º TIPO.
O VERBO: TEMA DE PERFECTO DA
CONXUGACIÓN REGULAR E DO VERBO SVM.
PALABRAS INVARIABLES.
ORGANIZACIÓN POLÍTICA E SOCIAL DE ROMA.
ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (IV)

5.1. A flexión nominal:

5.1.1. 3ª declinación.

5.1.2. Os adxectivos: 2º tipo.

5.2. A flexión verbal:

5.2.1. As conxugacións regulares: o Tema de Perfecto ou *Perfectum*.

5.2.2. O verbo SVM: o Tema de Perfecto ou *Perfectum*.

5.3. Palabras invariables:

5.3.1. Adverbios.

5.3.2. Preposicións.

5.3.3. Conxuncións.

5.4. Organización política e social de Roma:

5.4.1. Os órganos de goberno: evolución ó longo do tempo.

5.4.2. A sociedade romana

5.5. *Romāni latine loquebantur (IV).*

COGITA!

1. Saberías definir o concepto de adverbio? E o de preposición? E o de conxunción?

2. Observade a seguinte imaxe e intenta interpretala. Credes que representa axeitadamente a sociedade na que vivimos? Se non é así, propoñede outro esquema.



3. Coñeces a organización de España como Estado? En que consiste? E a dalgún outro país? Se non é así, lembra que estás no mundo e é conveniente ter un adecuado coñecemento do sistema que, aínda que non o sintas, te goberna.

MEMENTO!

1. A 3ª declinación é a máis complexa de todas, porque nela confluíron palabras cuxo tema remataba de maneira moi diversa (lembra que a 1ª declinación agrupaba os temas en -a e a 2ª os temas en -o): temas en -i e en consoante. O encontro do tema coas desinencias que lle son propias produciu unha serie de cambios fonéticos que ás veces dificultan a identificación dos substantivos.

A primeira consecuencia desta situación é que na 3ª declinación hai unha enorme variedade de Nominativos de Singular. Lembremos que o Nom. sing. da 1ª declinación remataba sempre en **-a** e o da 2ª en **-us, -er** ou **-ir** (se eran substantivos neutros) ou en **-um** (se o eran). Observa, pola contra, todas as posibilidades que hai na 3ª declinación:

NOM. SING.	XEN. SING.	ENTRADA NO DICCIONARIO OU VOCABULARIO
ordo	ordĭnis	ordo, -ĭnis
arbor	arbōris	arbor, -ōris
os	oris	os, oris
ver	veris	ver, veris
nubes	nubis	nubes, -is
ignis	ignis	ignis, -is
bonitas	bonitātis	bonitas, -ātis
calix	calicis	calix, -icis
plebs	plebis	plebs, plebis
mons	montis	mons, montis
princeps	prīncipis	princeps, -cīpis
fur	furis	fur, furis
mare	maris	mare, -is
far	farris	far, farris
tellus	tellūris	tellus, -ūris
lac	lactis	lac, lactis
animal	animālis	animal, -ālis
caput	capītis	caput, -ītis
ETC		

Ante este panorama, comecemos polo seguro: un substantivo pertence á 3ª declinación cando no seu enunciado observamos o seu Xen. sing. (a segunda forma do enunciado, que vai despois da coma), remata en **-is**:

Tamén é certo que na 3ª declinación hai masculinos, femininos e neutros. Agora ben, no vocabulario sempre irá indicado o xénero do substantivo entre parénteses, xa que a variedade de terminacións do Nom. sing. fai moi difícil memorizar o xénero de cada un deles. Para o curso seguinte non te preocupes, porque se manexa o dicionario, e nel vén o xénero de todos os substantivos, sexan da declinación que sexan. Estas son as desinencias da 3ª declinación:

CASO (FUNCIÓN)	MASCULINOS E FEMININOS		NEUTROS	
	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
NOM (SUX/ATRB)	?	-es	?	-a
VOC	?	-es	?	-a
AC (CD/CC)	-em	-es	?	-a
XEN (CN)	-is	-um	-is	-um
DAT (CI)	-i	-ibus	-i	-ibus
ABL (CC)	-i /-e	-ibus	-i /-e	-ibus

Fíxate en que os neutros, igual que na 2ª declinación, teñen os tres primeiros casos iguais, e en que, ademais, no plural eses mesmos casos rematan en **-a**.

Por desgraza, esa variedade de terminacións no Nom. sing. fai difícil ás veces predicir, diante dun substantivo declinado, como sería o seu Nominativo. Con todo, existe, igual que nos verbos, un “truco” que dá bastante bo resultado. Funciona como segue:

.....
 : Supoñamos que temos, nun texto, unha palabra como :
 : **gregem**. Pola desinencia **-em** está claro que é da 3ª :
 : declinación (esa desinencia non existe en ningunha outra, :
 : agás na 5ª). Ó separar a desinencia, quedame o tema :
 : **greg-**; logo, vou ó vocabulario, sabendo que o :
 : Nominativo ten que ser **greg** ou un monosílabo (como :
 : moito bisílabo) semellante. O vocabulario sacame de :
 : dúbidas: verei que a palabra que busco é **greg, gregis**. :
 :

2. Xunto coa 3ª, entra en xogo agora unha clase de adxectivos que seguen esa mesma declinación. Son os chamados adxectivos do 2º tipo, que presentan, a diferenza dos do 1º, só dúas terminacións. Vexamos un modelo:

fortis, forte: fortis, -e

Seguimos tendo tres xéneros, mais, ó dispoñer só de dúas terminacións, é evidente que unha delas debe acoller dous xéneros. O reparto é así:

fortis	forte
masculino e feminino	neutro

Como acontecía cos do 1º tipo, cómpre deixar claro que as formas do enunciado son Nom. sing.: **fortis** segue a 3ª declinación polo paradigma dos masculinos e femininos, mentres que **forte** o fai polo dos neutros. Tamén é preciso lembrar que estes adxectivos (xunto cos substantivos rematados en **-e**, como **mare, -is**) escollen para o Abl. sing. a terminación **-i**, mentres o resto prefiren **-e**. Pensa que, se non, habería unha excesiva homonimia, xa que unha forma como **forte** ou **mare**

podería ser ata catro casos diferentes. Esta é a razón da alternancia **-i/-e** que viches na táboa de desinencias.

Para rematar de comprendelo, podes intentar declinar de maneira conxunta estes dous pares substantivo-adxectivo:

<u>CASO (FUNCIÓN)</u>	puer, -i fortis, -e		collis, -is (m) altus, -a, -um	
	singular	plural	singular	plural
NOM (SUX/ATRB)				
VOC				
AC (CD/CC)				
XEN (CN)				
DAT (CI)				
ABL (CC)				

3. Se lembrás a *LECTIO* anterior, cando alí describíamos o enunciado do verbo, dicíamos que a 4ª forma era a 1ª persoa de singular do Pret. Perfecto de Indicativo. Así, esas formas correspondentes ós verbos modelo das 4 conxugacións son as seguintes:

1ª	amāvi
2ª	monui
3ª	rexī
4ª	audīvi

Como tamén dicíamos alí, se lle extraemos o **-i**, obtemos a raíz ou Tema de Perfecto, coa que se forman o Pret. Perfecto, Pret. Pluscuamperfecto de Indicativo, e mais o Pret. Perfecto e o Pret. Pluscuamperfecto de Subxuntivo.

As desinencias son as mesmas que para o *Infectum*, coa excepción do Pret. Perfecto de Indicativo, que existe unhas desinencias especiais:

1ª p. sing.	2ª p. sing.	3ª p. sing.	1ª p. pl.	2ª p. pl.	3ª p. pl.
-i	-isti	-it	-imus	-istis	-erunt/-ere

Igual que pasaba co *Infectum*, aquí tamén deberás decidir entre dúas opcións:

- Aprender de memoria todos os tempos verbais. Para iso tes unha táboa resumo de todos os tempos verbais do latín na sección *GRAMMATICA*.
- Engadir outros poucos “trucos” ós xa aprendidos.

Se te decides pola segunda opción (a dos “trucos”), deberás realizar as seguintes accións, e nesta precisa orde, como faciamos co *Infectum*:

- 1º: Separa a desinencia persoal: se se trata dunha específica do Pret. Perfecto de Indicativo, xa está claro; se é unha das desinencias comúns ós demais tempos que aprendeches na *LECTIO* anterior, segue lendo.

- 2º: Observa que tema tes no verbo: se é o do *Infectum*, opera cos “trucos” da *LECTIO* anterior; se é a do *Perfectum*, segue lendo.
- 3º: Se chegaches ata aquí, iso significa que entre o tema e a desinencia persoal hai un morfema de modo e tempo, a saber:
 - a) **-era-**: trátase do Pret. Pluscuamperfecto de Indicativo.
 - b) **-eri-**: tes un Fut. Perfecto de Indicativo ou un Pret. Perfecto de Subxuntivo, que son case idénticos (só se diferencian na 1ª persoa de singular, que no primeiro caso remata en **-ero**, e no segundo en **-erim**). Mais estes tempos serán moi pouco frecuentes, polo menos durante este curso.
 - c) **-isse-**: estás diante dun Pret. Pluscuamperfecto de Subxuntivo.

Respecto ó verbo **sum**, podes ver a súa conxugación do *Perfectum* na sección *GRAMMATICA* deste libro, onde comprobarás de novo a súa irregularidade.

4. Os adverbios son palabras invariables que case sempre cumpren funcións de modificador (non sempre: en *Hoxe é venres*, por exemplo, que función cumpre *Hoxe?*). Sempre virán no vocabulario caracterizados como tales, e o *quid* da súa tradución está en situalo no lugar adecuado, aínda que na maioría dos casos admite varias posibilidades, sen que sufra o significado xeral da oración.

Ademais, o latín pode crear adverbios a partir de adxectivos, igual que o galego e o castelán. As nosas linguas dispoñen, como debes saber, do sufixo *-mente*, que convirte en adverbio calquera adxectivo. Podes ver os procedementos que segue o latín na seguinte táboa:

PROCEDEMENTOS	TIPO DE ADXECTIVOS	SUFIXO	EXEMPLO
COMÚNS	1º (ex.: clarus, -a, -um)	-e	clare
	2º (ex.: fortis, -e)	-iter	fortiter
ESPECIAIS	1º (ex.: multus, -a, -um)	-um (ac. neut.)	multum
	1º (ex. rarus, -a, -um)	-o (abl.)	raro

5. As preposicións son partículas invariables que case non teñen existencia autónoma: deben rexer sempre outro ou outros elementos. Aparecen identificadas no vocabulario, pero debes coñecer unha serie delas sen necesidade de acudir a el, pois aforrarás tempo e esforzo. Todas elas expresan dun xeito ou doutro a noción de lugar:

NOCIÓN DE LUGAR	PREPOSICIÓNS	CASO	SIGNIFICADO
“en onde” (VBI)	in	ABL	“en”
“cara a onde” (QVO)	ad in	AC	“a”, “cara a”
“de onde” (VNDE)	a/ab e/ex	ABL	“de”, “desde”
“por onde” (QVA)	per	AC	“por”, “a través de”

Fíxate en que **in** ten dous valores diferentes segundo o caso que rexa en cada ocasión: non os confundas!

Algunhas palabras expresan estas nocións de lugar dunha maneira especial:

PALABRA	PARTICULARIDADE	EXEMPLOS
nomes de cidade e illas pequenas	1. non precisan preposición para expresar “lugar a onde” nin “lugar de onde”	Romam (“cara a Roma”) Luco (“desde Lugo”) Romae (“en Roma”) Toleti (“en Toledo”)
casos especiais: domus, -us e rus, ruris	2. expresan o “ lugar en onde ” cun sufixo	domi (“na casa”) ruri (“no campo”)

6. As conxuncións tamén son partículas invariables, pero a súa misión é poñer en relación dúas estruturas, xa sexan nominais ou oracionais. Tamén aparecen no vocabulario, mais son de obrigado coñecemento as seguintes:

TIPO	CONXUNCIÓNS		SIGNIFICADO	
copulativas	et, atque, -que	nec, neque	“e”	“e non”, “nin”
disxuntivas	aut, vel, -ve		“ou”	
ilativas	nam, namque, enim, itaque		“pois”, “así pois”	
adversativas	sed, autem, at, vero		“pero”, “con todo”	

Observarás que nas copulativas e as disxuntivas hai dúas conxuncións que presentan un guión diante. Isto é debido a que son partículas enclíticas: aparecen soldadas a unha palabra, pero o seu efecto aplícase á posición inmediatamente anterior. Por exemplo, **Senatus Populusque Romanus** tradúcese: “O Senado e o pobo romano”.

Chegou o momento de practicar os novos contidos. Vai á sección EXERCICIA do libro e traduce os textos que o profesor che indique. Lembra o dito a propósito do vocabulario na *LECTIO* anterior: debes memorizar o significado das palabras en letra grosa.



7. Observa as presentacións *GESTIO REI PVBLICAE* (sobre os sistemas de goberno da Antiga Roma) e *STATVS SOCIETATIS* (sobre a estrutura da sociedade romana). Retén os trazos máis importantes deses dous aspectos da Roma



antiga, sempre tendo en perspectiva situacións actuais do mundo en que vivimos e as semellanzas e/ou diferenzas entre as dúas realidades.

8. Dentro da sección sobre o latín diario dos antigos romanos, nesta *LECTIO* imos coñecer o campo léxico do corpo humano. Coma sempre, estas palabras aparecen ilustradas mediante unha presentación: *ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (IV)*.

PALABRA	TRADUCIÓN	PALABRA	TRADUCIÓN
<i>capillus</i>		<i>carpus</i>	
<i>ocŭlus</i>		<i>digĭtus</i>	
<i>caput</i>		<i>venter</i>	
<i>nasus</i>		<i>coxa</i>	
<i>auris</i>		<i>dorsum</i>	
<i>collum</i>		<i>genu</i>	
<i>humĕrus</i>		<i>crus</i>	
<i>cubĭtus</i>		<i>talus</i>	
<i>bracchium</i>		<i>calx</i>	
<i>manus</i>		<i>pes</i>	

